

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2011.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a María Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. Marco López López

D. Alberto Santos Vázquez.

D. José Manuel López Hermida

Secretario:

D. Luís María Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dezasete de outubro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 8 DE AGOSTO DE 2011

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 8 de agosto de 2011.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de 8 de agosto de 2011.

2º) EXPEDIENTE PARA A CESIÓN GRATUÍTA Ó SERVIZO GALEGO DE SAUDE (SERGAS) DA PARCELA DE TITULARIDADE MUNICIPAL ONDE SE UBICA O CENTRO DE SAÚDE.

APROBACIÓN DEFINITIVA.ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da tramitación do expediente do epígrafe, salientando que sometido ó preceptivo tramite de información pública conforme ó disposto no Art. 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, o acordo plenario de data 8 de agosto de 2011 no que se aprobou inicialmente a cesión de referencia; mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 188 de data 18/8/2011, no prazo sinalado en dito anuncio, non se presentou ningunha alegación e/ou reclamación contra o citado acordo plenario.

Aberto o debate, polo Sr. López López manifestase estar de acordo coa cesión de referencia, máis quere insistir no feito de que o Concello ten que estar vixiante para garantir que o persoal que na actualidade está ó cargo da limpeza do Centro de Saúde non sufra ningunha clase de perxuízo pola cesión das instalacións ó SERGAS.

Polo Sr. Alcalde manifestase que o Concello vixiará ese asunto.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representa a totalidade do seu número legal de membros, acorda aprobar definitivamente a cesión gratuíta da parcela de titularidade municipal e carácter patrimonial, inscrita no rexistro da propiedade de Viveiro (Tomo 911, libro 109, folio 187, finca 13.619 e referencia catastral nº 0483068PJ2308S001QF) donde se ubica o Centro de Saúde construído no ano 1997 pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, ó Servizo Galego de Saúde (SERGAS) ós efectos da formalización dun convenio sobre asunción dos custos de mantemento do citado Centro de Saúde; dando conta da presente cesión gratuíta á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, os efectos do disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais.

3º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 20/2011 CORRESPONDENTE Ó VIXENTE EXERCICIO ECONÓMICO. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da memoria xustificativa e proposta de Alcaldía relativa ó expediente do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA E PROPOSTA DE ALCALDÍA

JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de investimentos, obsérvase a insuficiencia de crédito en tres partidas do Estado de Gastos referidas a outros tantos proxectos de investimento así como nunha partida do capítulo 2.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 1.925.219,68 euros.

A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaprazable nos seguintes argumentos:

Dótase o crédito necesario para acometer a obra de rehabilitación do muro do embalse de Xuances que subministra auga potable ás parroquias de O Cruceiro e Rigueira.

Dótase o crédito necesario para facer fronte ao remate das obras de arranxo das fontes públicas sitas en diversas parroquias do Concello.

Dótase o crédito necesario para completar o plan de asfaltados e aglomerados do presente exercicio.

Amplíase a partida correspondente ao servizo de axuda no fogar na súa modalidade de acceso libre por amosarse o crédito inicialmente dotado insuficiente.

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Consign. Inic. + aumentos anteriores por</i>	<i>Aumento</i>	<i>Consignac. Final</i>	<i>Finalidade</i>

161.609	Saneamento, abastecemento e distribución de	0,00	55.000,00	55.000,00	Rehabilitación embalse Xuances (P. 23/11)
169.619	Outros servizos de	48.300,00	28.420,00	76.720,00	Reparación de fontes públicas. (P. 3/11)
231.227.00	Acción social. Servizo de	430.000,00	40.000,00	470.000,00	Servizo de axuda no fogar.
453.619	Carreteras e caminos. Investimentos de	209.500,00	41.000,00	250.500,00	Asfaltados e aglomerados (P. 6/11)
TOTAL			164.420,00		

O presente expediente financíase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.010.

En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de suplemento de crédito nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 20/2011 de Modificación de Créditos por importe total de CIENTO SESENTA E CATRO MIL CATROCIENTOS VINTE EUROS (164.420,00)

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables da modificación de créditos do epígrafe, salientando que o incremento da consignación na partida de Axuda no Fogar, débese fundamentalmente ó feito de que a Diputación Provincial rebaixou case 100.000 € a súa aportación neste exercicio económico.

Polo Sr. López López manifestase que estando de acordo co fondo do asunto, pola alusión feita polo Sr. Alcalde á subvención de 163.000€ para Servizos Sociais concedida no ano 2010 pola área de benestar da Deputación Provincial de Lugo, gobernada polo BNG, considera necesario recordar que dita axuda foi calificada polo Sr. Alcalde como unha esmola e sen embargo a rebaixa de menos de 80.000€ na participación de tributos do Estado aprobada polo Goberno Central, foi calificada polo Sr. Alcalde como un problema gravísimo que xustificaba calquera tipo de recortes presupostarios.

Polo Sr. Alcalde sinalase que mantén as súas verbas, xa que tamén é necesario lembrar que a Diputación Provincial recibe do Concello de Xove somentes do recargo do IAE e do IBI máis de 500.000 € ó ano e sen embargo nos últimos 4 anos do goberno bipartito PSOE-BNG, a Diputación provincial, non soamente non invirtiu nin un Euro nas infraestruturas de titularidade provincial, ubicadas en Xove, senón que nin tan sequera tiveron a educación de recibir ó Alcalde de Xove a pesar de que dita xuntanza foi solicitada unha e outra vez, tanto por escrito como de forma verbal, por parte do Sr. Alcalde.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que esa falla absoluta de inversións da Diputación no Concello de Xove, contrasta cos convenios millonarios formalizados pola Diputación de Lugo con outros concellos da Mariña gobernados polo PSOE eo BNG, para a construción de toda clase de infraestruturas e incluso para a celebración de concertos e festivais.

Polo Sr. López López manifestase que tamén sería bon recordar se a Diputación de Lugo nos tempos do Sr. Cacharro do Partido Popular, invertía algo en Xove, a pesar de que nese tempo tamén a Diputación recibía os recargos de IAE e de IBI de Alcoa.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 20/ 2011 do Orzamento Municipal de 2011 por importe de 164.420,00€, reflectido na propositade Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo

ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

**4º) PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE XOVE.-
PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE AS MODIFICACIÓNS DERIVADAS DA
APLICACIÓN DA ORDE DO CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO
E INFRAESTRUCTURAS DE 4 DE FEBREIRO DE 2011. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA. Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTO que con data 4 de febreiro de 2011 o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras dictou a Orde obrante no expediente sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Xove (PXOM) e na mesma resolveu:

Dunha banda, non outorgar aprobación definitiva ao citado PXOM de acordo co punto 7.b) do art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro; e doutra banda instar ó Concello de Xove a elaboración dos documentos corrixidos precisos para enmendar as deficiencias sinalas na devandita Orde, ós efectos de elevalos, logo da tramitación correspondente, para a súa aprobación definitiva á Consellería meritada.

VISTA a documentación obrante no expediente interesada polo Concello de Xove así como a remitida pola empresa redactora do PXOM con data 28/09/2011.

VISTO que polos técnicos da empresa adxudicataria da elaboración do PXOM tense presentado a documentación na que se reflicte a incorporación das modificacións referenciadas.

VISTO que polo Secretario Municipal considéranse corrixidas e/ou subsanadas as carencias e/ou deficiencias sinaladas na merita Orde do 4 de febreiro de 2011.

VISTO que polo Secretario Municipal considerase absolutamente necesario que ditas modificacións sexan sometidas ó coñecemento e , se é o caso, aprobación do pleno corporativo.

VISTO que polo Secretario Municipal considerase igualmente que as modificacións anteriormente relacionadas non significan un cambio sustancial do PXOM inicialmente e provisionalmente aprobado xa que non supoñen a adopción de novos criterios respecto á clasificación e calificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, razón pola cal non se considera necesario abrir un novo trámite de información pública.

Polo exposto propoño ó Pleno Corporativo a adopción de acordo polo que se aproben as modificacións do PXOM anteriormente referenciadas, se incorpore a documentación e informes referenciados, remitindo a seguir dito documento co expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que co acordo de hoxe, remata un traballo de anos nun tema tremendamente complicado pero que merece o esforzo realizado, xa que un Plan Xeral é un instrumento absolutamente imprescindible para o desenvolvemento socioeconómico dun Concello.

Polo Sr. López Hermida manifestase que o BNG considera que efectivamente estamos ante un feito histórico, xa que Xove vai se-lo primeiro Concello da Mariña en ter aprobado un Plan Xeral adaptado á normativa actual, pero con todo, é necesario reconocer tamén que este documento

quizais chegue tarde, xa que debería ter sido aprobado fai moitos anos de xeito de que Xove puidera ter aproveitado os anos de forte desenvolvemento económico.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase a súa intención de absterse, por considerar que carece de elementos de xuízo suficientes para formarse opinión sobre un documento tan complexo, no que por razóns obvias, xa que é concelleiro desde fai un par de meses, non ten participado na súa elaboración e estudio.

Rematado o debate, a Corporación cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitín Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitín Rouco, López López e López Hermida e coa abstención dos Sres. Santos Vázquez, acorda a aprobación da proposta da Alcaldía anteriormente transcrita e na súa consecuencia aproba-las modificacións e /ou correccións do PXOM de referencia, incorpora-la documentación e informes citados, e remitir a seguir dito documento co expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INTERESANDO O MANTEMENTO DA GRATUIDADE DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. López Hermida, concelleiro do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe, sinalando en primeiro lugar que é necesario recoñecer que como consecuencia do clima de mobilizacións contra os recortes aprobados pola Xunta de Galicia en materia de ensino, cometeuse un erro na interpretación da información facilitada por algúns veciños, xa que efectivamente o Concello de Xove mantén a gratuidade do transporte escolar ós centros dos concellos limítrofes nas mesmas condicións que o ano pasado, e por esta razón solicítase a supresión do primeiro parágrafo da parte expositiva da moción e do punto 1º da parte dispositiva da moción.

Sinala igualmente o Sr. López Hermida que dito o anterior, o BNG mantén e defende o contido e peticións do resto da moción, xa que considera que un concello coa capacidade económica de Xove no suposto de ter que efectuar algún recorte como consecuencia da crise económica, ten que facelo noutros temas, pero en ningún caso en servizos esenciais como o ensino, nos que a inversión non só non debe ser recortada senón que mesmo debe ser incrementada.

Polo Sr. Alcalde respóndese que o Grupo do Partido Popular considera que a moción na súa actual redacción debe ser retirada, xa que ata o seu enunciado non responde á verdade, engadindo que antes de presentar mocións por escrito, é necesario solicitar e contrastar información para evitar equivocacións tan evidentes como esta.

Polo Sr. López Hermida manifestase que o BNG volve a recoñecer a equivocación cometida, pero insiste no feito de que o resto das peticións plantexadas son absolutamente razoables e defendibles.

Rematado o debate, a Corporación cos votos dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitín Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López e Meitín Rouco acorda desestimar a aprobación da moción do epígrafe.

Os Sres. López López e López Hermida votan a favor da aprobación e o Sr. Santos Vázquez abstense.

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG INTERESANDO A HABILITACIÓN DE ESPAZOS PARA A COLOCACIÓN DE PROPAGANDA ELECTORAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente.

“MOCIÓN PARA A HABILITACIÓN DE ESPAZOS PREFIXADOS PARA A COLOCACIÓN DE CARTEIS ELECTORAIS”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pegada indiscriminada de carteis electorais en cada proceso electoral é unha imaxe que, paseniño, estase a identificar cun pasado sen regulación ningunha neste eido e cun modelo de ausencia de compromiso cos valores medioambientais e estéticos. Unha mala imaxe á que vimos contribuindo desde os partidos políticos cando non retiramos a cartelaría utilizada na promoción das nosas respectivas candidaturas tras a finalización das eleccións.

Entendemos que, como representantes do noso pobo, temos a responsabilidade de facer de Xove un concello atractivo e evitar, deste xeito, que os carteis electorais das nosas respectivas formacións políticas se manteñan varios meses, e incluso anos, pegados nos muros e valados. Por iso os políticos xovenses de diferente signo e cor política, no goberno ou na oposición, debemos dar exemplo no coidado do noso entorno e ser responsables da nosa propia publicidade electoral.

Asemade deberá ser a propia Administración local a que habilite taboleiros ou paneis en todas as parroquias onde poder colocar a propaganda electoral en futuras votacións, a comezar nas vindeiras Eleccións ao Congreso e ao Senado que se celebrarán o 20 de novembro, coa recomendación expresa a todos os partidos políticos que concurran aos comicios de utilizar os espazos habilitados pola Administración local co obxecto de contribuír á imaxe moderna, coidada e civilizada que se quere dar do noso concello.

Por iso pedimos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar o goberno do Concello de Xove a fin de que habilite taboleiros ou paneis en todas as parroquias onde poder colocar a propaganda electoral en futuros comicios, coa delimitación do espazo prefixada pola Xunta Electoral de Zona ou Central no seu caso.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que se tódolos partidos, incluído o do Grupo de Goberno, fosen responsables e colocasen a súa propaganda electoral somentes nos lugares propostos á Xunta Electoral de Zona, non habería ningún problema de imaxe.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que o BNG é o partido menos indicado para dar leccións a naide neste tema, xa que por exemplo, nas últimas eleccións colocou carteis de propaganda electoral ata no mobiliario urbano (marquesinas, contenedores de lixo, papeleiras, etc.)

Polo Sr. López López contestase que non é de recibo descalificar sen mais unha moción que só pretende que polo concello se habiliten paneis en cada parroquia para colocar a propaganda electoral a prol de evitar a colocación de dita propaganda noutros lugares que ofrecen unha mala imaxe.

Polo Sr. Alcalde reiterase que neste tema o máis importante é a responsabilidade dos partidos, engadindo que non ten inconvincente ningún en aproba-la moción presentada.

Rematado o debate, a corporación por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

Por Secretaría dáse lectura ás preguntas presentadas por escrito polo Grupo Municipal do BNG e ó escrito de contestación ás mesmas, asinado polo Sr. Alcalde Presidente que a seguir se transcriben:

Polo Sr. Santos Vázquez de xeito verbal, fórmulanse os rogos e preguntas que a seguir se relacionan:

Rogos:

1º) Que se revisen as bases do Plan de Emprego Municipal para que deste xeito se logre unha maior efectividade e se corrixa algúns defectos e irregularidades como a aplicación do Plan á contratación de familiares.

- Polo Sr. Alcalde contestase que o Grupo de Goberno ten prevista a revisión de ditas bases, para potencia-lo fomento do emprego nuns momentos en que dito tema é absolutamente prioritario, e no suposto de que se detectara calquera clase de irregularidade, tanto no plan como na súa aplicación, sería inmediatamente corrixida.

Preguntas:

1º) Sabe o Sr. Alcalde cantos postos de traballo vai xerar a subestación de Sumoas que está a construír a R.E.E. (Red Eléctrica Española) unha vez rematen as obras e entre en funcionamento?

- Polo Sr. Alcalde contestase que a empresa ten comunicado ó Concello que dita subestación non xenerará emprego ningún directamente relacionado coa mesma, xa que é unha subestación totalmente automatizada, cuio control levaráse dende os servizos centrais da compañía.

2º) Cantos Euros paga o Concello pola morte dun xato?

- Pola Concelleira Delegada de Gandería, Sra. Meitín Guerreiro, contestase que non hai unha cantidade fixa, xa que depende da idade do xato, engadindo que o Sr. Santos Vázquez ten ó seu dispor, unha copia das bases de axudas a gandería, actualmente en vigor coas modificacións introducidas para entre outros obxectivos, evitar calquera clase de picaresca.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo